

da
para
2005

LETRAS
GALEGAS

COMPAÑEIRAS DA MIÑA
XERACIÓN MORTOS OU
ASESIÑADOS




Ílan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!
Facíamos un feixe de campos e de estrelas
e ó pisar íse chao que latexaba
sentímos subir pola sangue o misterio
o noso corpo era, o camiño da maíxa
a escada polo que viña a lúa
o zume de todos os segredos.
a canción da herba que resucitou
É o mesmo verme era unha follá leda,
un mensaxeiro do sagrado apén.
Nonchédes, matáronvos, deixáronme
Quedéis eiquí, lonxe das vosas sombras...

Cartafol
da
LINGUA

IES MUGARDOS




BOLETÍN Nº. 17 DO EQUIPO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES MUGARDOS XUÑO 2005




LORENZO VARELA: A LOITA DUN POETA


Autora: María Méndez Souto 2ªB ESO

1  **¡É UN NENO! ¡É UN MENDO!**


XEUS LORENZO VARELA NACE EN 1916 NON BARCO PRATO DA HABANA A ONDE VAN SEUS PAIS DE EMIGRANTES.

2  **TENO QUE IR DE PRESA PARA NON CHEGAR TARDE A ESCOLA.**


EN 1920 A SÚA FAMILIA TRASLÓDASE A ARGENTINA E ALÍ LORENZO VARELA FAI OS SEUS ESTUDIOS PRIMARIOS.

3  **¡EH! ARGENTINO... ¡PASA A PELOTA!**


EN 1927 LORENZO VARELA VOLVE A GALICIA COA SÚA NAÍ E INSTÁLANSE EN LUGO ONDE FAI O BACHARELATO.

4  **OS MOZOS GALEGOS TÊMOSOS AUC UNIR**

EN 1932 PARTICIPA NA FUNDACIÓN DAS MOZEDADES GALEGUÍSTAS.

5  **¿CHEGARÍA YA DIESTE?**

EN 1935 MARCHA A MADRID PARA ESTUDIAR FILOSOFÍA E LETRAS.

6  **POEMA LA FALSA PROMESA**
Lorenzo Varela

EN 1936 ESTABA A GUERRA CIVIL E AÍSTASE COMO SOLDADO. ADEMAIS ALENTA O ESPÍRITO REVOLUCIONARIO COAS SÚAS PUBLICACIÓNS XORNALÍSTICAS.

7  **CAMPO DE CONCENTRACIÓN**

Ó REMATA-CA GOERRA CIVIL LORENZO VARELA É INTERNADO NO CAMPO DE CONCENTRACIÓN DE SAINT-GRIER.

8  **POR FIN CHEGA O BARCO**

OS ESCRIBIDORES E INTELLECTUAIS FRANCÉSOS ANÚNANLLE A IR A MÉXICO.

9  **AQUI É**

EN 1941 DEIXA MÉXICO E VOLVE A ARGENTINA ONDE PUBLICA "TORRES DE AMOR" CATRO POEMAS PARA CATRO GRAVADOS E "L'ONNE".

10  **¿QUE DÍ?** **MARIKA: ESCOITA ESTA NOTICIA**

CONECE A MARIKA GERSTEIN E CASA EN 1954.

11  **SEGOR: RASÍMEHE A DOCUMENTACIÓN**

EN 1956 PRODÚCESE UN GOLPE DE ESTADO EN ARGENTINA E OS INTELLECTUAIS DE ESQUERDAS SON PERSEGUIDOS.

12  **¡ÍMOS A ESPAÑA!**

REGRESA A ESPAÑA EN 1956 E MORRE SÓ DOUS ANOS DESPOIS.

SEMBLANZA DE LORENZO VARELA

Xesús Lorenzo Varela Vázquez naceu o 10 de agosto de 1916 no barco La Navarre . En 1920 a familia Varela Vázquez trasládase a arxentina. Na capital Argentina vai pasar a súa infancia onde cursa a escola primaria. A finais de 1920 retorna a Galiza.

En 1931 comezou a bacharelato no Instituto de Ensino Secundario. Coa proclama da República comezan a espertar as súas inquietudes políticas.

Entre algúns dos máis destacados compañeiros de militancia xuvenil de Lorenzo estaban Celso Emilio Ferreiro, Carvalho Calero e Ramón de Valenzuela. Na súa etapa xuvenil afonda na súa amizade con Ánxel Fole.

Cando remata o bacharelato en 1935 trasládase a Madrid e comeza a súa actividade intelectual. Foi membro das Misións Pedagoxicas e formou parte do equipo de redacción da revista PAN (Poetas, Andantes e Navegantes) . En 1936 colaborou como crítico literario no Sol .

En 1936 constitúese en Madrid a Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura , na que participarán, entre outros, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Rafael Alberti, Antonio Machado e Federico García Lorca.

O estoupido da Guerra Civil cólleo en Madrid adicado de cheo á tarefa xornalística. A súa primeira reacción foi enrolarse como voluntario á fronte da batalla.

Lorenzo Varela, afíliase ao Partido Comunista. En xullo de 1937 participa no Segundo Congreso Internacional de Intelectuais Antifascistas que se realiza en Valencia. Este congreso conta con nomes como: Pablo Neruda, Nicolás Guillén, César Vallejo, etc.

Coa perda da Guerra Civil, permanece nun campo de concentración a partir do 10 de febreiro de 1939. O 23 de maio de 1939 consegue embarcar nun vapor francés rumbo ao exilio de México. O 13 de xuño ao porto, alí agardábano os seus amigos León Felipe, José Bergamín, Miguel Prieto&

A finais de 1941, decide ir a Bos Aires onde

vive o seu pai.

No porto de Bos Aires estábano agardando os seus amigos Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Carmen Muñoz, Blanco Amor, Federico Rivas...

Na capital arxentina escribe a súa obra máis importante Torres de Amor , catro Poemas Galegos e Lonxe . Colaborou nos sornáis máis importantes deste país. Tamén realizou xornalismo radiofónico. Foi un excelente crítico de arte e ao mesmo tempo adicouse a realizar traducións do portugués ao castelán. En 1956 casa con Marika Gerstein.

Desde a súa cegada a Bos Aires , Lorenzó comeza a militar dentro do Partido Comunista Argentino colaborando na Frente Cultural. Alí comparte a súa militancia con Bruzzone, Raúl Larra, etc.

O seu compromiso militante levouno a vivir momentos moi duros a partir do goberno de Isabel Perón e a actuación das Tres A . Co golpe de estado de Videla o 24 de marzo de 1976, Varela tivo que acelerar o seu retorno a definitivo a España xa que a súa vida corría graves riscos. Chega a Madrid en maio de 1976. Durante a súa última etapa contará con moi pouca axudas: as novas xeracións non tiñan ningunha referencia, era un auténtico descoñecido na súa propia terra. Desde un principio contou coa axuda do seu amigo Díaz Pardo e de Ramón de Valenzuela.

A soidade foino levando a unha morte prematura. Algúns dos seus amigos chegaron a simbolizar que foi unha morte buscada. A madrugada do 25 de novembro de 1978 falece. O seu corpo foi soterrado no cemiterio familiar de Monterroso (Lugo) agradando que algún día os seus amigos depositen no seu nicho unha cesta de mazás como fora a súa petición en vida.

Juan Luis García Martínez
2ºB Bach.

ENTRE NOS EN GALEGO

O Departamento de Galego, na liña de fomentar, prestixiar e normaliza-lo uso da lingua, desenvolveu, un ano máis, a campaña de normalización lingüística ENTRE NÓS, EN GALEGO . Os alumnos da ESO do noso centro, participaron no concurso para a elaboración dun cartel e un lema que fomentase o uso da lingua galega na nosa comunidade educativa.

Queremos dar a nosa noraboa a tódolos participantes, polo entusiasmo e a calidade dos traballos presentados. O resultado final do concurso foi o seguinte:

Gañadora:
RAQUEL CARTELLE GARCÍA 4º B (ESO)

Finalistas:
IAGO COUCEIRO RODRÍGUEZ. 4ºB (ESO)
MARTINA VELO ARES 4ºB (ESO)
SARA LEMOS CARBALLEIRA 4ºB (ESO)
ABRAHAN MARTA TEIJEIRO 4º. DIVERS.
MARÍA MÉNDEZ SOUTO 2ºB (ESO)
NOA NOVOA MENAYA 2ºA (ESO)



Gañadores do concurso Entr e nós en galego

BICOS CON LINGUA

Hai uns meses oos alumnos de 2º de Bacharelato A fomos á sala Yago en Santiago de Compostela a ver a obra "Bicos con lingua2 acompañados polas profesoras Uka e Pilar Pampin.

A obra eran varios sketches humorísticos escritos por autores como Suso de Toro que interpretaban dous actores no escenario.

Entre carcallada e carcallada a temática da obra facíanos reflexionar sobre o pouco uso do galego en diversos ámbitos, e, como no último sketch que fixeron os actores nos facían crer que a morte do galego podía ser un pesadelo ou unha realidade.

A obra, aparte de ser unha comedia, buscaba a sensibilización do espectador ante o estado do galego usando para iso esceas de ton cómico e irónico, pero facendo moitas veces críticas moi corrosivas á xente

IOLANDA CASTAÑO

O pasado 21 de Decembro a poetisa Iolanda Castaño ofreceunos unha pequena conferencia para os alumnos de 2º de Bacharelato na Biblioteca de Mugardos. Fomos ata alí, ó chegar todos pensamos o mesmo, ¿que tiñamos nos que ver cunha poetisa? Decatámonos de que era unha rapaza nova, guapa, atractiva para a vista de case que todo o mundo, e quizais si tiveramos algo en común: era xove e seguro que teríamos algo que compartir.

Comezou por contarnos unha pequena anécdota de cómo e porque comezou a escribir dunha forma pública, fixérao apuntándose a un concurso de poesía para "xoves promesas", co fin de gañar uns cartos con que poder mercar uns pantalóns de coiro, que eran,

que cre que o galego é só un elemento para falar coa xente da aldea.

No escenario non había unha gran montaxe, senón todo o contrario, con só dúas cadeiras e unha mesa que servían para facernos imaxinar que ás veces nos atopabamos nun despacho dun concello, ou nun quirófano.

Nalgúns sketch resultaba moi divertido ver ós actores vestidos de mulleres en plan "maruxa" falando en castrapo ou "insultándose" entre eles chamándose lingüistas.

Se algunha vez tedes a posibilidade de ir a vela, ide, porque o pasaredes en grande disfrutando cun humor por sketches ó estilo de "Cruz e Raia" ou "Martes e Trece"

Juan M^a. Díaz Riveiro (2 Bach A)

segundo comentou, a última moda por aquel entón. Explicounos que despois de gañar aquel concurso, e mercar os pantalóns, as cousas xa se foran sucedendo soas. Publicou cinco libros de poemas dos cales leunos algún versíño de cando tiña dezanove anos, quizais un pouco subidos de tono. Ademais de mostrarnos os seus poemas, leunos, a modo de exmplo, algún outro de compañeiros da mesma xeración para explicar que as poesías non teñen porque ser sempre versos regulares con rima asonante. Intentou transmitirnos, sempre situada no mesmo chanzo ca nos, que calquera hoxe en día pode ser poeta sen necesidade de escribirlle a unha dama ou ó amor.

Tania Fernández Iglesias (2º A Bach)

A HERDANZA DA LITERATURA DE TRADICION

M^a Inés Cuadrado naceu e formouse en Bos Aires, aínda que, como a ela lle gusta resaltar, é galega polos catro costados. Nas dúas sesións que nos ofreceu sobre a literatura popular galega de tradición oral, contounos como esta tradición seguiu funcionando e transmitíndose xeracionalmente nunha familia como a súa moi lonxe de Galicia.

Distinguíu dous xéneros dentro da literatura de tradición oral: as lendas e os contos. As lendas son relatos onde se explica a orixe mítica dos lugares, grupos humanos ou a súa maneira de ser. Xurdiron da necesidade innata do ser humano de darlle unha explicación ó mundo que os rodeaba e ó misterio das súas orixes e destino máis alá da súa curta vida. Contounos como exemplo a fermosa lenda que explica a orixe da liñaxe galega dos Mariño que, por certo, xa aparecía recollida nun libro medieval feito en Portugal a remates do s. XIII, O Livro de Linhagens. Os contos recollen anécdotas, máis ou menos verosímiles, que serven para exemplificar tipos humanos e conductas acertadas ou equivocadas. Poden facernos rir ou tremar co medo, pero sobre todo pretenden facernos reflexionar sobre o que está ben ou está mal. Podemos dicir que os

contos resumen a experiencia vital de moitas xeracións e pretenden transmitirnos os valores esenciais da sociedade que os creou. M^a Inés interpretounos (ela é unha actriz marabillosa) un conto de emigrantes aprendido na súa familia que expón claramente os desexos e temores dos que están lonxe da súa terra e da súa xente.

Na seguinte sesión, deu a palabra ós alumnos que recolleran contos e lendas. O resultado da colleita foi que moi poucos acudiron ás fontes vivas da literatura de tradición oral: a conversación fluida e relaxada con amigos e familiares e preferiron ir polo atallo: os libros onde están recollidos, moitas veces traducidos ó castelán nun estilo pomposo.

Eu ánimovos a todos a que falededes cos vellos e non tan vellos de todo: do divino e do humanos, do de antes e do de despois, que o fagades utilizando a nosa lingua e garantizovos que aprenderedes cousas que nin sospeitades, veredes o que tedes ó voso carón cuberto polo neboeiro da indiferencia. ¡Adiante, toleirona mocidade!

Anxos García Fonte.

A CORTIÑA

No I.E.S de Mugardos, os alumnos fixemos unha experiencia que consistiu en levar a cabo un traballo práctico que chamamos "A Cortiña".

A Cortiña é unha horta pequena que coidamos con moito agarimo, e nela plantamos un pouquiño de cada cousa: leitugas, allos,



cebolas, porros, acelgas, repolos e coles. Queremos completar o traballo con cenorias, xudías, pementos, tomates, fabas, etc.

Ó final, a ver se podemos facer unha comellada de produtos ecolóxicos.

Imos traer unha pota e meter dentro, para cocer, de todo un pouco e a ver que resultado obtemos ¡ Rico, rico e con fundamento!.

Se resulta, para o vindeiro curso, podemos facer unha plantación dunha fanega de terreo e quen sabe se, adicándonos á agricultura, temos aí o noso porvir.

Se alguén quere colaborar nesta experiencia única e ecolóxica, que se poña en contacto cos alumnos de 1º da E.S.O. A

¡¡¡ESPERÁMOSVOS!!!
Alumnos de 1º da E.S.O. A

AS FRAGAS DO EUME

Os alumnos de 1º da e.s.o do instituto de Mugardos fixemos unha excursión as fragas do Eume.

Saimos as 9:00 da mañá e chegamos ás fragas ás 9:45 aproximadamente, alí nos esperaba un monitor que nos explicou a orixe das fragas. Para ver o parque enteiro fai falta ir en helicóptero porque as dimensións das fragas son moi extensas.

Explicaronos que no río non hai salmóns, estinguíronse . se en dous anos non aparece ningún salmón dan por feito que non haberá máis.

Tamén dixerónnos como se desparasitaban os

xabarins e o sitio onde o facían, cando unha persoa poñíase cerca de donde se desparasitaban o xabarin non volvía, aínda que pasara moito tempo, porque deixaba o seu rastro.

Enseñounos moitos tipos de árbores e dixo que se os dinosaurios existiran só poderían alimentarse do bosque que tiñan , o bosque Atlántico

Dimos un paseo e logo estivemos esperando ó bus preto dunha ponte colgante que cruza o río. Chegamos ó instituto sobre as 14:20h.

CRISTINA E LUZ ,1º E.S.O -A



O MARCELLE

O día 26 de Outubro fixemos unha viaxe cultural a Marcelle (Outeiro de Rei Lugo) os alumnos de 2º da E.S.O. (cursos A e B). Fumos todos menos un. Tivemos a gran sorte de que nos acompañaran Brozos e Aida, e portáronse ben.....

Saímos ás 9 do I.E.S. e voltamos ás 7 da tarde, polo que comimos alí mesmo, nuns merendeiros, acompañados polos guías Pati e Carlos.

Marcelle é unha aula de natureza, situada á beira do río Miño. O cegar dimos unha volta pola beira do río. Logo fomos ver os animais que teñen en semiliberdade, alí hai: Búfalos, dromedarios, llamas renos, cervos canguros, emús, cabalos, avestruces, esquios, cabras, e outros. Tamén vimos tallas de madeira moi



UN ANO MAIS

O pasado venres día 6 de maio, como xa ven sendo habitual dende hai anos, celebrouse no concello de Fene o festival Mocidade coa Lingua. Un festival creado para honrar a memoria dun mestre do I.E.S. de Fene chamado Brocos. Aínda que en principio era un concurso no que os rapaces participaban para chegar a saber quen era o mellor da zona, agora é unha forma de divertirse tanto actuando coma escoitando os grupos. O festival foi organizado polo casino de

bonitas que decoran a paisaxe. Xa pola tarde levaronnos, en dous grupos, a facer unha visita ós animais en liberdade.

Posteriormente visitamos a tenda onde miramos as tallas, peluches, peles, e tódolos produtos que alí venden.

Pasámolo moi ben e gustaríanos volver, xa que é todo moi interesante. Ó remate da visita, cando saíamos, o guía deunos unha landra a cada un como recordo e símbolo de crecemento.

P. D. Aida e Brozos dixeron que nos portamos bastante ben.

Alumnos de 2º da ESO

Perlío, o Concello de Fene e o I.E.S. de Fene.

Os grupos que participaron este ano foron: Madnoise, Plug In Babies, Deep Pain, Rockicide, Último xiro e por último La matumbá.

O grupo encargado de abri-lo festival foron Madnoise, un grupo que nos recordou a época dos Nirvana. A Súa formación foi moi recente, de había só unhas dúas semanas pero aínda así subiron derrochando forza e cunha clara mensaxe

STREET RACING

As carreiras de coches tuneados, que se soen celebrar polas noites nas aforas das cidades, nacen nos Estados Unidos a mediados dos anos 50. Os mozos soían tunear coches vellos os que lles chamaban "Hot-Rods" (Bielas Quentes) e adoitaban ter preparacións moi rudimentarias.

Os "Hot-Rods" foron os reis das rúas ata mediados dos anos sesenta, data na que se pode falar do nacemento do street-racing moderno, e no que coches modificados como os Ford Mustang ou Cobra, Chevrolet Corvette ou Dodge Hemi Challenger comezaron a arrasar nas estradas.

Estes coches posuían motoeres de oito cilindros en V (o motor norteamericano por antonomasia) moi potentes de fábrica, pero os talleres que comezaban a nacer encargábanse de transformalos ata que collesen potencias deslumbrantes. Nesta época son típicas pezas como as tomas de aire para carburación que sobresaían do capó ou as primeiras intalacións de óxido nítrico.

Nesta etapa de nacemento do street-racing destacan pilotos como "O meteorito mormón", pastor desta relixión que foi o terror da policía da costa oeste co seu Shelby Cobra Gt500 (versión do Ford Mustang feita por Carroll Shelby, preparador oficial de Ford), este mesmo modelo foi protagonista do filme "60 segundos".

Nos setenta os coches citados antes seguían sendo punteiros, pero comezaban a quedar desfasados se os comparamos coas últimas versións de Ford feitas por Shelby ou por modelos novos como o Dodge Charger Daytona (o que leva Dom Toretto cara o final de "A todo gas"). A figura a destacar desta etapa é Ernest Cannonball, que creou unha carreira, que aínda sigue vixente na actualidade e que leva o seu apelido, para defender os donos de coches modificados ante as leis do goberno de Nixon.

Desde os anos oitenta e ata os nosos días os coches xaponeses son os reis das rúas, xa que son máis baratos e dan mellor resultado que os americanos.

Nesta época creáronse asociacións de carreiras como o NIRA (National Import Racers Association) ou o NOPI, e destacan pilotos como R.J. de Vera ou Craig Lieberman e mulleres como Letty Harrys ou Jessica Goodwrench.

En Europa o street-racing está moi difundido, e o verán pasado pasáron por Barcelona carreiras ilegais como a "Gumball" ou a mesma "Cannonball" con varios detidos por exceso de velocidade e garn rebumbio nos medios de comunicación.


Pero eso non é nada se o comparamos coa "Getaway in Stockholm foundation". Esta "fundación" de orixe inglés o que fai e poñerse a conducir coches moi potentes facendo cafradas polas rúas de Estocolmo, deixando en ridículo á policía sueca e grabar en vídeo as súas actuacións. Mr. X, o conductor destas películas, conduciu coches

tan espectaculares como o Toyota Supra (na segunda película) ou o Honda NSX en varias versións (terceira e quinta películas) entre outros. Soe ir acompañado por outro piloto que ten tamén coches moi potentes como o Ford Escort Cosworth que levou Mr. B ou o Honda S2000 que Mr. X compartiu cunha fermosa rapaza sueca (polo que se ve na única foto que hai dela na web www.getawayinstockholm.com) chamada Silvana na quinta e última película que se rodou. Nesta, Mr. X escapou dunha emboscada da policía e chegou a ir co seu Honda NSX a 345 Km/h. Este coche tiña máis de 600 cabalos.

En Galicia a carreira ilegal máis antiga faise na estrada da Costa da Sal, cerca de Betanzos onde houbo moitas carreiras con moitos accidentes graves e incluso mortos.

Para rematar quero dicir que o street-racing non é algo marxinal, xa que os participantes da "Gumball" tiñan que pagar 12.000 euros de taxa de inscrición ou que Mr. X, según se di, é un inxeineiro aeronáutico.

Juan M. Díaz Riveiro (2º bach A)



O CICLO SEN FIN

Hai alomenos doce anos quen era director do instituto, o profesor de Bioloxía, Alejandro Porto Andión, recordado entre outras cousas por ser o impulsor do desaparecido sistema de aulas que tanto añoramos moitos profesores as aulas eran dos departamentos e os alumnos movíanse dunhas a outras según a materia a impartir - propuxo a posibilidade de solicitar para o centro o ciclo de formación profesional Actividades Deportivas ; a pesares do entusiasmo con que foi acollida por algúns esta iniciativa, a proposta foi rexeitada polo claustro. Poucos anos despois baixo a dirección de Alfredo Pena replantéxase de novo no claustro a conveniencia de ter en Mugardos algún ciclo de formación profesional e dende entón ata hoxe non hai ano en que esta petición estivera ausente nas discusións de claustro e consello escolar, por eso, cada vez que por un ou outro motivo teño que tratar este tema, acompáño internamente aínda que as veces sae ó exterior- dunha fermosa canción moi coñecida titulada O ciclo da vida da película O rei león :

..... é oo ciiclooooo,
o ciclo sen fin ...

e isto sucédeme porque nesta canción resúmese todo o acontecido e por acontecer relacionado con este tema, senón o credes, mirade á letra:
É un ciclo sen fin

que o envolve todo
e aínda que estemos sos
debemos buscar
e así atopar
o noso grande legado
no ciclo,
o ciclo sen fin

Quen non esté moi ó tanto do tema debe saber que a petición de ciclos formativos en Mugardos transpaso os intereses puramente educativos quedando ó final ... en nada, mentres o tren da FP circulaba por Ferrolterra con paradas en cáseque tódolos centros de secundaria, en Mugardos, a pesares de que na prensa aparecían periodicamente noticias esperanzadoras, non houbo parada. O ciclo de Frío Industrial que se propoñía desde o concello e

ó que nunca se opoñeu claustro e consello escolar, está en Fene donde xa tiñan a infraestrutura desa familia profesional.

Os órganos de decisión do centro, Claustro e Consello, decantáronse polos ciclos seguintes: Operaciones de Cultivo Acuícola e Producción Acuícola da familia marítimopesqueiras e por Administración de Sistemas Informáticos ou Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas. ¿Razóns? Vai un apunte: En canto a acuicultura, non hai ningún centro de formación profesional desta rama en todo o norte de España o que aseguraría o alumnado suficiente e temos en Mugardos as mellores condicións naturais, ademais necesítase cualificar aos traballadores de granxas mariñas e ¿para cándo o cultivo de pulpo en Mugardos? .

A petición de Informática baséase en que, a pesares de que xa está implantada na comarca, ten moita demanda quedando moitos alumnos sen matricular, ademais poderíase implantar deseguido xa que non precisa moita infraestrutura.

A día de hoxe é moi difícil que concedan novos ciclos na comarca xa que quedaron moitas prazas vacantes nos ciclos existentes pero este motivo non debe frear a lexítima aspiración de Mugardos de mellorar a súa oferta educativa. Desde o concello propoñen un ciclo de Deseño Industrial da familia de Artes, unha boa proposta xa que na comarca de Ferrol non hai ciclos desta familia para a que sempre hai demanda de alumnos, esta petición é asumida no centro que a engade ás súas propostas, e así están as cousas, non podemos abandoar

e aínda que estemos sos
debemos buscar
e así atopar
o noso grande legado
no ciclo,
o ciclo sen fin

Covadonga Rodríguez-Moldes
Febreiro 2005



A MODA

A moda é un estilo particular de vestir, calzar, peitear, etc., popular en determinado momento ou época.

Neste complexo mundo existen grandes casas e moi bos deseñadores que son os que marcan as tendencias de cada tempada ou época.

Os deseñadores que mais se valoran soen ser os extranxeiros, Armani, Versace, Chanel, Dior e tamén algúns españois Balenciaga, Paco Rabanne, Manuel Pertagaz, Adolfo Domínguez e Victorio&Luchino.

Moitos dos grandes deseñadores estan mortos pero seguen deixando meirandes pegadas nos deseños actuais. Por exemplo, Coco Chanel morreu xa algúns anos pero algunha das súas tendencias segue presente en moitos deseñadores a hora de facer algún tipo de roupa. Nos últimos anos estanse a utilizar novos materiais na confección da roupa como pode ser o metal soldado en forma de xerseys ou complementos que outorga a mesma mobilidade ca unha prenda normal.

Nas últimas tempadas de moda as cores que máis se levan son o negro e o branco, así como as cores grisáceas. Algúns deseñadores optan polo terciopelo e o coiro, o terciopelo lévase máis na moda masculina ca na feminina, destacando nesta os traxes saia e os vestidos longos con abundantes transparencias.

Lourdes Fernández
3º E. S. O.



O VOTO DE CHANTEIRO

Aínda que me mandaron facer un conto para a nosa revista, o que vou contar é un anaquiño da nosa historia, das nosas tradicións.

Aproveito, entón, que este ano o día das letras galegas coincide co "voto de Chanteiro" para contarvos onde está a orixe desta romería.

O voto de Chanteiro ten a súa orixe no ano 1404 cando Ferrol, Ares e Mugardos víronse asolados pola peste. A xente destas vilas morría a centos e non eran quen de parar o avance deste epidemia. Os vecinos e veciñas destes pobos prometéronlle a Virxe da Mercé ir en romería por mar ata Mugardos e dende alí a pé ata Chanteiro tódolos anos se conseguía alonxar a peste das súas vidas:

A peste remitiu e os vecinos e as veciñas das vilas foron en romería ata a ermida da Mercé de Chanteiro. Fíxose así ano tras ano ata 1839, no cal quedou prohibida a romería pola igrexa debido a, segundo eles, "os perigos das

galernas" no mar e, principalmente, pola escasa moralidade que alí se atopaba por parte dos vecinos e veciñas. Os vecinos de Ares e Mugardos protestaron, pero nada houbo que facer.

Hoxe, en día, recuperamos esta costume, voltamos a repetir a tradición, uns vamos para pasa-lo ben (con escasa moralidade) e outros van á misa a renovar o voto un ano mais. O final tanto os que van a misa como os que non van cantamos e bailamos xuntos celebrando, precisamente, que estamos xuntos un ano máis.

Así que, xóvenes e vellos, nenos e nenas vinde a reuniros con nós este ano coma sempre, vide a pása-lo ben.

VEN O VOTO E NON DESFASES MOITO.

Alexandra Pérez Díaz. 1ºB

HISTORIA DE MANOWAR

Manowar naceu a comezos dos anos oitenta en Auburn, New York. Os principios membros fundadores foron Eric Adams (cantante) e Joey DeMaio (baixo). O guitarrista e o batería actuais son Karl Logan e Scott Columbus, despois de diversos cambios.

Levando a cabo un ritmo incesante de xiras, facendo publicacións brutais e coa espectacular voz de Eric Adams, Manowar chegou a ter miles de fans por todo o mundo, sobre todo en Europa. Para reforzar aínda máis o seu éxito, chegaron a entrar no libro Guinness dos records en 1987 sendo a banda que chegou a tocar con máis volume no escenario. Cando publicaron o seu álbum "Kings of Metal" adoptaron este calificativo. Hoxe en día, os inigualables Manowar continúan no trono dando grandes concertos e facendo xiras.

O estilo de heavy metal que fai Manowar é bastante contundente, o que aporta un toque americano que o diferencia do resto de grupos de metal europeo. Ademais a voz de Eric Adams é algo fora de serie, é difícil de explicar con palabras a grandeza de esa voz, é todo un cantante de ópera e o demostra sobre todo no álbum "Warriors of the World" cando versionan o Nessun Dorma. As letras de Manowar tratan temas como historias vikingas, heroes mitolóxicos, meigos...etc. Tamen adican letras ós seguidores do heavy metal ou simplemente din que son os mellores e que son os reis do heavy metal ¡KINGS OF METAL!

Iago Triana López

para toda a xente alí presente El grunge no ha muerto. Seguíulles Plug In Babies.

Deep Pain un ano mais xuntáronse e dérono todo. Foron os encargados de darlle a nota de simpatía o festival, tocando o seu tema, moi coñecido pola xente que os seguen, Pilleina entre os pinos soa de Eduardo Pondal.

Outro grupo de recente formación foi Rockicide, un grupo de hard-rock. Xunto con Madnoise, foron os únicos grupos que contaban con representación mugardeza, e ambos por parte dos vocalistas. Foi o único grupo que contaba cunha vocalista feminina e o único que tocou un tema propio da nosa terra A saia de Carolina, xunto cun poema de Rosalía Unha vez tiveron un cravo... e un tema propio chamado Voltar a soñar.

Ultimo Xiro foi o último dos grupos da zona que tocou. Hai que destacar a actuación do seu baixista Mario, baixista tamén de Rockicide, que unha vez mais fíxose valer e deulle conta a todo o mundo o moito que vale. Mario, segue así, chegarás lonxe. La matumbá, un grupo de Ourense, foi o encargado de fecha-lo festival deste ano.

Os grupos tocaron cada un tres temas aínda cun deles tiña que ser obrigatoriamente dun autor galego. As letras das cancións como e de esperar eran en galego. A tarde foi moi amena e a xente que estivo alí disfrutou dun día de sol, de galego e de boa música.

Quero facer unha chamada ó centro de Normalización lingüística do noso instituto, para que participe o próximo ano man a man neste proxecto xunto co I.E.S. de Fene, xa que o considero unha moi boa forma de facer chegar ó galego a toda a mocidade e de aprender disfrutando.

Dende aquí despídome, pero non sen antes agradecerlle o I.E.S de Fene, o Concello e o casino de Perlío a oportunidade que nos deron a tódolos grupos que participamos no festival de darnos a coñecer e de pasar un bo rato en compañía de toda a xente que participou no festival.

Mugardos 09 de maio 2005

Alba Fernández Rodríguez 1º A Bach.

ULTIMAS NOVAS DE GRUPOS DA ZONA

Sin Tregua busca baixista e batería. O grupo mugardeés anda na procura de baixista e batería logo de ter problemas coa súa anterior formación. Necesitan un batería con un só un pedal ou bombo, un baixista con baixo e se e posible que sean bos como todos os compoñentes de este grupo. así poderán volver a dar caña polos arredores e consolidarse como grupo.

Lied: Grupo heavy de recente formación (6 meses) que está arrasando polos arredores pola caña que están metendo. Aínda non comezaron as vacacións de verán e xa teñen a xira fechada dende hai semanas. Seus compoñentes son todos músicos experimentados que deixaron os seus anteriores grupos, como e o caso de Simón, o batería, despois do seu recente abandono en Sin Tregua.

Lied son: Chus, Alberto e Abel de Thánatos; Simón de Sin Tregua e Pita que comeza a súa andanza musical con este grupo.

Proximamente poderedes ter nas vosas mans o traballo deste grupo, xa que sairá neste mes o seu

primeiro CD

Wisdom: O grupo mais cañero da volta e o mais experimentado logo de levar moitos anos neste mundillo. Esta formación conta co mellor batería de toda a zona (Darío), aínda que non hai moito mais que dicir, só que se tedes oportunidade, vaiades velos en directo e veredes do que son capaces. ¡Sentiredes o odio correr polas vosas veas!

Rockicide: Grupo de hard-rock de recente formación que pretende dar moita caña de aquí en diante. Dende aquí fago unha chamada a Sin Tregua para pedirilles que nos reserven un concerto xuntos.

Dende aquí moitos ánimos e unha última cousa: LARGA VIDA O HEAVY METAL!!!

Alba Fernández Rodríguez 1º A Bach.



A POETA JULIA UCEDA



Co Premio Nacional de Poesía 2003 fíxose patente o recoñecemento definitivo da lírica de Julia Uceda, entre outras cousas porque o libro distinguido co citado galardón, “En el viento, hacia el mar. (1959 2002)” non é senon unha antoloxía do conxunto da súa obra, incluíndo nela ata poemas inéditos.

Descubriuse así para un público máis amplo a existencia da voz dunha muller que levaba entregada á poesía toda unha densa vida. No ano 1959 vía a luz o seu primeiro poemario, “Mariposa en cenizas”, verdadeira declaración de intencións do que serían a partir de entón moitas das súas preocupacións poéticas. Logo irían aparecendo novos libros, “Extraña juventud” (1962), “Sin mucha esperanza” (1966), “Poemas de Cherry Lane” (1968), “Campanas en Sansueña” (1977), “Viejas voces secretas de la noche” (1981) e “Del camino de humo” (1994).

Pero Julia Uceda non é tan só a súa poesía, ela diversificou a súa labor noutros ámbitos nos que merece tamén ser ensalzada a súa aportación. En primeiro lugar, a súa faceta de investigadora e de docente, ambas seguramente inseparables, o que a levou a producir textos ensaísticos e o que tamén implicou unha peripecia vital que a foi movendo por lugares alleos ós da súa procedencia naceu e medrou en Sevilla-, impartindo clases en universidades americanas e irlandesas, así como tamén españolas. Nos primeiros oitenta afinouse na comarca ferrolá e dende entón convertiuse nun dos referentes máis xenuinos da dinamización poética en Galicia nas dúas linguas oficiais, coa organización dos premios Esquío, e cunha paralela colección de textos que gozan de notable prestixio, mantendo unha liña propia e allea a intereses puramente mercantilistas.

Pois ben, esta muller, esta poeta, esta infatigable traballadora da literatura, estará con nós, traeranos ó noso centro a súa palabra o vindeiro 3 de xuño. Para todos será unha satisfactoria honra, e o que desexamos profundamente é que para a poeta, para Julia Uceda, sexa ese mesmo acto a expresión do noso humilde e particular recoñecemento.

Por suposto, moitísimas cousas máis poderían ser ditas, ser escritas, eso pódese deducir claramente das simples liñas apuntadas aquí, pero nada mellor para rematar esta breve presentación que uns versos extraídos dun dos seus poemarios, versos que falan da imposibilidade de dicilo todo, da limitación das palabras, do lugar inaccesible no que medra a poesía:

*Inútil intentarlo. Sólo puedo
decir tiempo y espacio, mas no todo.
(Nunca se llega al fondo. Ni uno sabe
quien muere cuando entierran
nuestro nombre).*

Xosé Luís Mosquera

JOSÉ MARÍA PAZ GAGO

José María Paz Gago, catedrático de Teoría da Literatura na Universidade da Coruña ten as súas raíces en Mugardos, concello ó que está vencellado familiar e afectivamente, pois lembra co agarimo do que nos gañou o corazón na infancia as súas estadias veraniegas na nosa vila.

Profesor tamén na universidade francesa, viviu uns anos en Costa de Marfil, onde, ademais dasúa labor docente, exerceu como asesor diplomático.

Especialista no Quixote, escribiu un dos textos básicos para o estudo da obra cervántina, *Semiótica del Quijote. Teoría y práctica de la ficción narrativa*, e segue a pescudar nas claves quixotescas participando en numerosas publicacións, debates, congresos, etc. sobre a devandita obra, polo que o reclaman dende Rusia ata Sudamérica. Nós tivemos o honor de recibilo o pasado 2 de maio no noso centro, onde pronunciou unha extraordinaria conferencia: “Don Quixote e Sancho, dous

grandes personases cervantinos”, nos que destacou a singularidade e grandeza destes dous personases e a forza da súa caracterización, que os fai recoñecibles universalmente. No fondo, segundo Paz Gago deberíamos ser máis idealistas, como Quixote, ó tempo de ser sensatos, como Sancho.

Actualmente adicado ó estudio dos medios audiovisuais -especialmente o cine- e a súa relación coa literatura, é membro moi destacado da Asociación Española de Semiótica, traballa na organización dun congreso conmemorativo do cuarto centenario do Quixote que terá lugar a fin deste ano na Coruña...É sen dúbida outro intelectual mugardés e cosmopolita do que nos podemos sentir orgullosos.

Pilar Castro

TEMPO DO QUIJOTE

A celebración do IV centenario de El Quijote no I.E.S de Mugar dos, comezou cunha excursión dos alumnos de 4º da E.S.O, que acuderon ó colegio La Salle de Santiago a ver unha representación adaptada de El Quijote . No mes de marzo os alumnos de 1º de Bacherelato fixeron unha viaxe pola Ruta Literaria del Quijote , saíron de Mugar dos sobre as oito da mañá cara Ciudad Real e alí foron de visita ó Museo de Don Quijote. O segundo día viaxaron ó pobo de Daimiel e visitaron o Centro del Agua e, a continuación, trasladáronse ó Parque Nacional de las Tablas de Daimiel . Despois, pola tarde fixeron unha excursión a Almagro, onde tiveron a oportunidade de ver o Corral de las Comedias, Museo Nacional de Teatro, Plaza Mayor e moitos sitios máis. O terceiro día foron ó Parque Nacional de las Lagunas de Ruidera, nas que nace o río Guadiana. Pola tarde tiveron tempo libre para facer algunha visita a Villa nueva de los Infantes, Tomelloso o Argamasilla de Alba. O cuarto día foron dende Porto Lápice hacia o Toboso onde puideron visitar a Casa-Museo de Dulcinea e de regreso pola mesma ruta, coñeceron o Campo de Criptana, e Alcanzar de San Juan. O derradeiro día remataron a viaxe cara Toledo, cidade na que viron moitos monumentos, museos que foron declarados Patrimonio de la Humanidad: Alcázar, Catedral, Monasterio de San Juan de los Reyes e moitos máis. Entre tódolos cursos e nas

distintas asignaturas elaboraron paneis nos que se plasmou o tempo no que viviu Cervantes para montar a exposición Cervantes y su tiempo . Estes paneis estiveron expostos no Concello e voltaron ó Centro.

Os alumnos de 1º e 2º da E.S.O plasmaron nuns cómics algúns capítulos da primeira parte de El Quijote que quedaron expostos na Biblioteca Municipal xuntos cos debuxos de alumnos de outros centros de mugar deses.

O 22 de abril, no Concello, fixose unha maratón de lectura da primeira parte de don Quijote no que participaron os alumnos da E.S.O do I.E.S de Mugar dos e Colegio Loyola. O 3 de maio veu dar unha conferencia a catedrático da Teoría da Literatura da Universidade de A

Coruña, Don Xosé María Paz Gago sobre as persoaxes Sancho e Quijote na obra cervantina.

Tamén habería en xuño outra conferencia da poetisa e Premio Nacional de Literatura Dona Xulia Uceda A lombos dos verbos que comezará cunha lectura expresiva dalgúns textos de El Quijote rematando coa actuación da Coral Unión Mugar deses que cantará os Epitafios a Don Quijote E Sancho.

Por último no mes de xuño proxectaránse distintas versións cinematográficas de El Quijote , entre elas as de Orson Wells ou Gutiérrez Aragón.



Pilar Castro presenta a Paz Gago



Isabel e Covadonga na conferencia







Navegando pola ría de Ares



Grupo de alumnos no Correlingua



Medindo ángulos na igrexa de San Xiao



Exposición de Tensegridade. Icosaedro



Concerto do Nadal